

# As cadeiras que respiran

Diego Giráldez

Non é doado coserlle un alma aos obxectos cotiás. Están aí para ser usados, esquecidos, condenados a esa cruel rutina que os converte en elementos banais. Pasan desapercibidos por exceso de confianza. Só os artistas con maxia son quen de xerarlle vida e de conseguir que, cun simple trazo, enchan o peito para respirar. Igual ca nós. Por iso, cando entrei no estudo da pintora Chelo Rodríguez, sentínme intimidado, observado con descaro por un grupo de cadeiras que, sen coñecerme de nada, me miraban aos ollos tratando de conquistarme. E caín vencido.

As cadeiras nunca foron vulgares, levan séculos asentando a humanidade e levando sobre elas todo o peso da reflexión. Merecían un descanso, só un, aínda que fose: precisaban unha homenaxe valente. Usamos as cadeiras a cotío para deixar caer o peso do físico esmagado, para tomar un café dos que suspiran ou manter unha conversa reconciliadora. Todas esas cousas. Utilizámolas para practicar a trivialidade do habitual sen decatarnos de que nos fan un servizo necesario. As cadeiras adornan, xogan, creban, acollen, soportan, mais nada lles latía dentro ata que a pintora decidiu o contrario. Merecían un descanso para dedicarse a sentir. Chelo Rodríguez, co seu extraordinario enfoque, consegue transfiguralas en seres humanos. Nos seus cadros, cargados dunha intelixencia profunda, é quen de substituír a figuración por uns obxectos que, de xeito excepcional, respiran. É posible escoitalas xemir, chorar, sorrir, loitar, caer para presumir de que saben recuperar. Intuímos aos que acostuman sentar nelas porque a pintora así o decidiu; foi ela a que, grazas á atmosfera xerada nos lenzos, permite intuír quen ditaminou que a cadeira tiña que quedar aí, nesa situación. Pero é o obxecto o que nos transmite os sentimentos, é o elemento o que osixena, e iso é maxistral.

Cando lle preguntaron a Renoir como era capaz de subministrarlle aos espidos que pintaba toda esa pátina de suxerencia e delicadeza, contestou: “Eu non fago nada máis que pintar, pintar e pintar, ata que me dán ganas de

beliscar o corpo. Entón sei que está todo ben”. Dá igual se a obra de arte é abstracta ou figurativa, se non transmite nada o mellor é deixala agochada no desván, cuberta cunha saba de pó. Renoir non deixaba de pintar ata conseguir que a pel dos seus espidos fose comestible. Chelo Rodríguez faino coas cadeiras: arríncales a epiderme para darlla ao público servida nun menú do día de realidade. E, a través delas, consegue transmitir moitas das cousas que os humanos desexan; porque a pesar de ser cadeiras solitarias, que meditan nas horas perdidas, todas sobreviven. Escalan a resignación para erguer o peito co orgullo de seguir aí, vivas; baixo a araña das mil sombras, desparelladas, en equilibrio, reflexionando, amosando as tripas, pero respirando. En todo o conxunto sobresa a soedade, mais a soedade non hai por que unila necesariamente a anguria. A propia pintora, no seu estudo, confirmoume mirándome aos ollos, igual que as súas protagonistas: “A soedade é o prezo da liberdade e a independencia”. Soedade. Integración. Humanización. Deshumanización. Construción. Desconstrución. A defensa da muller como fonte de dignidade. A vida, en fin, que soporta as náuseas dos altibaixos pero sempre co sorriso da confianza. Da esperanza. Da luz.

Os que asistían ao parto pensaron que Picasso nacera morto. O seu tío, que nese intre fumaba un puro, cuspiulle o fume na cara e o xenio comezou a chorar. Menos mal. A esperanza non sempre traizo, está aí, e Chelo Rodríguez imaxínaa como unha luz contundente que atravesa o lenzo para flirtear coa ilusión. Unha luz que cae en bloque, amosando os dentes, con toda a forza do mundo, porque o optimismo é o último que se debería perder. A luz que a pintora reflexa nos cadros fúndese coa cor para crear unha atmósfera de alento. Chelo Rodríguez domina a capacidade de xerar sensacións a través da súa obra e neste traballo, a pesar do aillamento ao que somete ás cadeiras, sobresa a esperanza. A artista ten o control e constrúe espazos de sosego, de acougo, nos que os obxectos semellan ser felices. Aínda coa vida golpeando, son afortunados porque saben loitar.

Ademais, Chelo Rodríguez, ao meu xeito de ver, doma o silencio. Con esa pincelada que cae igual que un balón nun patio de recreo, a pintora conduce o sixilo, esa calma, con mestría e harmonía. Existe entre a artista e o silencio un pacto para aparecer na súa obra como non se pronuncia en ningún

outro lugar. Non podería asegurar se ese silencio é máis fermoso que o exacto uso das cores que a pintora manexa para pechar o círculo do sobrecollemento.

Se unha obra de arte non cauteriza o estómago xa se pode dar por morta. As de Chelo Rodríguez conseguen cicatrizalo. Saín do seu estudo contento. Alguén me agardaba na casa mais, antes de chegar ao portal, decidín sentar nun bar e pedir unha cervexa fresca. Sentei nunha cadeira e respirei, como as cadeiras dos lenzos. Porque respirar sempre é un éxito, sobre todo se o que queres é seguir aquí. De pé ou sentado.